



|                 |                                                                                                                                                                    |
|-----------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Ano 2011</b> | <b>Convocatoria do<br/>Programa de axudas dirixidas a mellorar a calidade da<br/>formación no deporte base para entidades deportivas do<br/>concello de Rianxo</b> |
|                 | <b>PROGRAMA DEPORTE BASE</b>                                                                                                                                       |

O Concello de Rianxo, a través do Servizo Municipal de Deportes, realiza distintas actividades para o fomento e promoción do deporte no concello. De conformidade cos seus fins, o Servizo Municipal de Deportes convoca a sétima edición deste programa de axudas, coa misión de avanzar na mellora das estruturas deportivas dos clubs rianxeiros, dotándoos de recursos para un traballo óptimo e eficaz coas categorías do deporte base.

### **Artigo 1 - Finalidade**

A presente convocatoria ten como obxectivos xerais mellorar a calidade da formación deportiva de base nos clubs deportivos do concello, proporcionar ós deportistas unha práctica deportiva axeitada e adaptada á súa etapa de desenvolvemento, modificar as estruturas tradicionais dos clubs en relación co seu tratamento das categorías base, colaborar cos clubs na consecución dos seus obxectivos sociais e deportivos e facer partícipes a tódolos sectores implicados (entidades, Administración, pais e nais...) no financiamento da actividade físico - deportiva.

Os piares que sustentan esta convocatoria son: a profesionalización do apartado técnico - deportivo, mediante a presenza de persoal cualificado para programar e executar as actividades; a estruturación do traballo de formación deportiva, propugnando o establecemento de programacións adaptadas á idade dos deportistas e que concilien a formación deportiva básica, humana e social do individuo cos intereses deportivos do club; a promoción dun concepto multideportivo da práctica, sempre partindo da modalidade específica de cada entidade; o respecto pola identidade do club, adaptándose no posible á súa idiosincrasia e características; e o respecto ó voluntariado, durante moitos anos, a base do traballo coas categorías obxecto desta convocatoria.

### **Artigo 2 – Obxecto**

Esta convocatoria ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a provisión de persoal técnico, por parte dos clubs do Concello de Rianxo, de cara a desenvolver accións de dinamización do deporte base en Rianxo.



Ditas accións agrúpanse baixo o nome xenérico de *Programa Deporte Base*, no que participarán o Concello de Rianxo e os clubs beneficiarios desta convocatoria.

Serán susceptibles de subvención os gastos executados entre os meses de xullo de 2011 e xuño de 2012, ambos inclusive, e que se axusten ó contido da convocatoria.

### **Artigo 3 – Beneficiarios**

Os clubs deportivos do concello que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar incluídos no Rexistro de Asociacións Deportivas da Dirección Xeral para o Deporte.
- Desenvolver actividades deportivas para todas ou algunha das seguintes categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.
- Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ó día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da CC.AA. nin con este Concello e de non estar incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte de Administracións públicas recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

### **Artigo 4 – Finanzamento**

Os créditos para financiar as subvencións reguladas nesta convocatoria están contidos no Orzamento Municipal do Concello de Rianxo correspondente ó exercicio 2011, con cargo á aplicación orzamentaria 340.489.80 por importe de 20.000 €.

- A subvención estará destinada exclusivamente ó apartado de persoal, non podendo superar, en ningún caso, o 75 % do seu custe.
- O club beneficiario deberá achegar un mínimo do 25% do investimento en persoal, establecéndose como obrigatoria a participación dos pais e nais dos deportistas no financiamento desta parte.
- No caso de que o total da achega municipal ó conxunto de entidades supere os 20.000 €, reducirase, proporcionalmente en tódalas subvencións, a porcentaxe municipal ata acadar o importe máximo.
- Non serán subvencionables mediante este programa o resto de conceptos correspondentes á actividade deportiva nestas categorías (transporte, licencias federativas, mutualidade deportiva, material deportivo...).



## **Artigo 5 – Contía individualizada da subvención ou criterio para a súa determinación.**

A contía da subvención obterase a partires do cálculo de número de horas de traballo que o club solicitante precise para o desenvolvemento das actividades do deporte base, contabilizándose os adestramentos e a participación en competición.

A subvención será aplicable ó calendario proposto no proxecto, podendo estenderse entre xullo do presente ano e xuño de 2012, con un máximo de subvención equivalente a 9 meses.

Para o cálculo da axuda aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Subvención} = [n]\% [\text{do custe de persoal}]$$

O cálculo do custe de persoal farase aplicando o convenio estatal de instalacións deportivas. A porcentaxe de achega municipal obterase da aplicación dos criterios establecidos no *artigo 7* desta convocatoria e, se fose o caso, da redución desta porcentaxe para non supera-la contía global da subvención, 20.000 €.

En ningún caso se poderá sobreentender a existencia de relación contractual algunha entre o Concello e os monitores.

## **Artigo 6 – SOLICITUDES**

### **Forma**

As solicitudes formalizaranse no impreso oficial, segundo os modelos que se xuntan como anexos na presente convocatoria.

### **Prazo**

20 días a partires da publicación desta convocatoria no B.O.P.

### **Documentación**

#### *a. Impreso de solicitude con:*

- Identificación do programa
- Identificación do solicitante
- Identificación do representante
- Proxecto de actividade por categorías e con indicación do calendario (adestramentos e competición), persoal, carga horaria semanal, orzamento xeral, historial do solicitante e persoas beneficiadas directa ou indirectamente. (Anexo 1)



- b. Acordo de nomeamento de Presidente de Secretario/a da entidade.
- c. Certificación expedida pola AEAT de estar ó corrente nas obrigas tributarias.
- d. Certificación da TXSS de estar ó corrente coa Seguridade Social.
- e. Certificación da Consellería de Economía e Facenda de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración Pública da CC.AA.
- f. Certificación do Concello de Rianxo de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración local.
- g. Declaración das subvencións ou axudas solicitadas e/ou obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto – *Anexo 2*.
- h. Declaración de compromiso de xustificación de subvención prepagable – *Anexo 3*.
- i. Certificación de conta bancaria (*Anexo 4*).
- j. Fotocopia compulsada do CIF da entidade.
- k. Fotocopia compulsada do DNI do representante.
- l. Fotocopia compulsada do DNI do secretario

A documentación que se entregue en fotocopia deberá estar debidamente compulsada.

## **Artigo 7 – Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos**

### **1. Criterios técnicos**

O proxecto de actividade deberá axustarse ás seguintes consideracións técnicas:

1.1. *Categorías*: prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e/ou cadete.

1.2. *Grupos de traballo*:

- Mínimos: Fútbol (10) Remo (5) Piragüismo (5) Voleibol (7) Vela Lixeira (4)
- Máximo: Fútbol (20) Remo (12) Piragüismo (12) Voleibol (14) Vela Lixeira (12)

Si fora necesario, permitirase o traballo conxunto de distintas categorías para completar grupos de traballo. Na categoría cadete, e previa xustificación, permitirase o agrupamento coa categoría xuvenil, sempre e cando a porcentaxe de cadetes alcance o 50 % do grupo mínimo para ese deporte. Do mesmo xeito, si se sobrepasa o número máximo, deberá dividirse o grupo.



1.3. *Calendario*. En función das necesidades de cada club, establecéndose un máximo de 9 meses/tempada no período entre os meses de xullo 2011 e xuño de 2012.

1.4. *Sesións*. Establécense ás seguintes condicións mínimas de práctica semanal:

- 2 sesións semanais de adestramento en categorías benxamín e alevín.
- 3 sesións de adestramento á semana en infantís e cadetes.

1.5. *Duración*. En función do deporte e da categoría, con un mínimo de 60'

1.6. *Persoal*.

- O perfil debe axustarse a un dos seguintes supostos:
  - o Titulacións vinculadas ó deporte e á actividade física: ciclo medio e ciclo superior de F.P., Diplomatura ou Licenciatura.
  - o Título de adestrador da modalidade deportiva de cada club.
  - o En casos nos que se xustifique axeitadamente, admitirase a inclusión dun ex-deportista con experiencia e/ou currículo deportivo acreditado.
- Funcións
  - o Elaboración programación (baixo obxectivos do club)
  - o Como norma xeral, desenvolverá funcións de adestramento, competición (federada ou na Campaña Deporte en Idade escolar) e a colaboración en actividades de promoción da presente convocatoria organizadas polo club e/ou o Concello.

1.7. *Mutideporte*. O club comprométese a participar e/ou colaborar na organización de actividades orientadas á formación multideportiva dos deportistas.

## 2. Valoración das solicitudes

A determinación do número de horas de traballo subvencionadas estará suxeita ó proxecto técnico presentado pola entidade, a partires dos mínimos prantexados nos criterios técnicos.

A porcentaxe da achega municipal [n] calcularase a partires da puntuación obtida por cada un dos clubs trala aplicación dos seguintes criterios, expostos en orden descendente de importancia:

- Proxecto deportivo da entidade (obxectivos, nº de horas de traballo...). 0 a 15 puntos.
- Traballo co deporte base en anos anteriores (inscritos, categorías nas que se traballou – das existentes en cada deporte - ). 0 a 15 puntos.
- Nivel deportivo das categorías nas que se participa. 0 a 10 puntos.



- Interese da actividade desde o punto de vista municipal. 0 a 10 puntos.
- Nº de beneficiarios directos e categorías incluídas no programa. 0 a 10 puntos.
- Promoción do deporte feminino. 0 a 5 puntos.

En función dos puntos obtidos, adxudicaráselle a cada club unha posición en relación ós demais, correspondéndolle ó que acade a puntuación máis elevada a maior porcentaxe da achega municipal e así sucesivamente en orden descendente, tal e como se describe na seguinte táboa:

| <b>Clasificación dos clubs por puntuación</b> | <b>Porcentaxe da achega [n]</b> |
|-----------------------------------------------|---------------------------------|
| Club con máis puntuación                      | 75 %                            |
| 2º clasificado                                | 74 %                            |
| 3º clasificado                                | 73 %                            |
| 4º clasificado                                | 72 %                            |
| 5º clasificado                                | 71 %                            |
| 6º clasificado                                | 70 %                            |
| 7º clasificado                                | 69 %                            |

### **Artigo 8 – Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento.**

O órgano competente para a resolución é a Xunta Local de Goberno, a proposta do Concelleiro da Área de Deportes Emprego e Xuventude visto o informe técnico do Servizo Municipal de Deportes.

A resolución de concesión da subvención farase no prazo máximo de 30 días dende a finalización do período establecido para a presentación de solicitudes.

### **Artigo 9 – Prazo de notificación da resolución**

A notificación da subvención concedida farase a tódolos solicitantes, nos 10 días seguintes á resolución desta.

Contra a notificación de resolución estimativa ou desestimativa expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que indican de seguido:

- a) Recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello de Rianxo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo anta a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



## **Artigo 10 – Subvención como ex ante e prepagable**

A subvención terá carácter de **ex ante**, é dicir, o pagamento da subvención terá lugar antes da realización total do gasto ou actividade subvencionada.

A subvención terá carácter **prepagable**, é dicir, o pagamento material terá carácter previo á presentación e aprobación da documentación xustificativa da realización do gasto. Os pagamentos efectuados terán a consideración de pagos a conta.

## **Artigo 11 – Obrigas dos beneficiarios**

Son obrigas dos beneficiarios:

1. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
2. Xustificar ante o Concello de Rianxo, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
4. Co fin de comprobar que as subvencións recibidas polo beneficiario non superan o importe subvencionado, presentarse unha memoria na que se recolla:
  - a. Actividades de adestramento e competición de cada categoría realizadas, incluíndo listado de participantes, horarios de adestramento/competición e persoal encargado, farase mediante certificado do Secretario da entidade co visto bo do Presidente.
  - b. Actividades non previstas no proxecto de actividades que foron realizadas.
  - c. Importes obtidos doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Neste caso farase mediante certificado do Secretario da entidade co visto bo do Presidente
5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social, a través dos correspondentes certificados, así como non ter débedas pendentes de pago coa CC.AA. e co Concello de Rianxo.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial



aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, co logotipo aprobado polo Concello de Rianxo.

9. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS.

## **Artigo 12 – Abono e xustificación.**

### **Prazo**

O abono da subvención efectuarase nun prazo.

### **Xustificación**

Farase nunha fase, tendo como data límite o 31 de xullo de 2012.

A documentación xustificativa é a seguinte:

1. Certificación do secretario expresando que se cumpriu o fin para o que foi concedida a subvención e das axudas recibidas (*Anexo 5*).
2. Relación de xustificantes (*Anexo 6*).
3. Fotocopia compulsada do contrato laboral ou de servizos.
4. No suposto de contrato laboral: TCs (Tc1 e Tc2) e nóminas do período correspondente, así como fotocopia compulsada da titulación deportiva que acredite o monitor e do contrato celebrado co mesmo.
5. No suposto de contrato de servizos: factura debidamente compulsada, na que se especificará a titulación deportiva do profesional que se encargará das actividades, e xustificante de abono da mesma.
6. Memoria de actividades. (*Anexo 7*). Incluíranse ás seguintes :
  - a. Programa de actividades de adestramento e competición de cada categoría realizadas, incluíndo listado de participantes, horarios de adestramento/competición e persoal encargado, farase mediante certificado do Secretario da entidade co visto bo do Presidente.
  - b. Actividades non previstas no proxecto de actividades que foron realizadas.





7. Naqueles casos nos que a contía da subvención fose superior a 3.000 €, tamén deberán aportar, nos momentos que se requiran tanto previos ao pago como posteriores:
- a. Certificación de que a entidade está ó corrente das súas obrigas tributarias
  - b. Certificación de que a entidade está ó corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
  - c. Certificación de que a entidade non ten débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
  - d. Certificación de que a entidade de non ten débedas co Concello de Rianxo.

### **Artigo 13 – Compatibilidade con outras axudas**

En ningún caso a actividade obxecto desta subvención pode ser financiada con outras axudas concedidas polo Concello de Rianxo ás entidades deportivas.

### **Artigo 14 - Reintegros e sancións**

O órgano concedinte será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións mediante a resolución do procedemento regulado na LXS, cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no art. 37 de la lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a fecha do acordo de iniciación.

Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39 da lei.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Se atenderá en canto a tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.

Rianxo, a 19 de setembro de 2011

O Alcalde do Concello de Rianxo  
Asdo. Adolfo Muíños Sánchez



|                 |                                   |
|-----------------|-----------------------------------|
| <i>Ano 2011</i> | <b>PROGRAMA DEPORTE BASE</b>      |
| <b>ANEXO 1</b>  | <b>Proxecto Deportivo 2011/12</b> |

### Datos da entidade

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| Denominación                   | CIF        |
| Enderezo                       | Parroquia  |
| Representante                  | NIF        |
| Nº Rexistro – Xunta de Galicia |            |
| Teléfono                       | Correo - e |

### PROXECTO DEPORTIVO

#### OBXECTIVOS PARA A TEMPADA 2011/12

|                                                         |  |
|---------------------------------------------------------|--|
| <i>Referidos ás categorías do programa Deporte base</i> |  |
|                                                         |  |
|                                                         |  |
|                                                         |  |
|                                                         |  |

### CATEGORÍA BENXAMÍN

| Proxecto 2011/12                                                        |  |                            |                    |
|-------------------------------------------------------------------------|--|----------------------------|--------------------|
| Nº Inscripcións previstas                                               |  | Nº de nenas                | Cota de inscrición |
| Calendario adestramentos                                                |  | Calendario competición     |                    |
| Sesións semanais                                                        |  | Duración sesión            |                    |
| Competicións nas que participarán.<br><i>Indicar ámbito xeográfico.</i> |  |                            |                    |
| Resumo 2010/11                                                          |  |                            |                    |
| Nº Inscripcións                                                         |  | % de nenas                 |                    |
| Calendario Actividades                                                  |  | Horas semanais de práctica |                    |
| Resultados Deportivos                                                   |  |                            |                    |



## CATEGORÍA ALEVÍN

| Proxecto 2011/12                                                        |  |                            |                    |
|-------------------------------------------------------------------------|--|----------------------------|--------------------|
| Nº Inscripcións previstas                                               |  | Nº de nenas                | Cota de inscrición |
| Calendario adestramentos                                                |  | Calendario competición     |                    |
| Sesións semanais                                                        |  | Duración sesión            |                    |
| Competicións nas que participarán.<br><i>Indicar ámbito xeográfico.</i> |  |                            |                    |
| Resumo 2010/11                                                          |  |                            |                    |
| Nº Inscripcións                                                         |  | % de nenas                 |                    |
| Calendario Actividades                                                  |  | Horas semanais de práctica |                    |
| Resultados Deportivos                                                   |  |                            |                    |

## CATEGORÍA INFANTIL

| Proxecto 2011/12                                                        |  |                            |                    |
|-------------------------------------------------------------------------|--|----------------------------|--------------------|
| Nº Inscripcións previstas                                               |  | Nº de nenas                | Cota de inscrición |
| Calendario adestramentos                                                |  | Calendario competición     |                    |
| Sesións semanais                                                        |  | Duración sesión            |                    |
| Competicións nas que participarán.<br><i>Indicar ámbito xeográfico.</i> |  |                            |                    |
| Resumo 2010/11                                                          |  |                            |                    |
| Nº Inscripcións                                                         |  | % de nenas                 |                    |
| Calendario Actividades                                                  |  | Horas semanais de práctica |                    |
| Resultados Deportivos                                                   |  |                            |                    |



## CATEGORÍA CADETE

| Proxecto 2011/12                                                        |  |                            |  |
|-------------------------------------------------------------------------|--|----------------------------|--|
| Nº Inscripcións previstas                                               |  | Nº de nenas                |  |
| Calendario adestramentos                                                |  | Calendario competición     |  |
| Sesións semanais                                                        |  | Duración sesión            |  |
| Competicións nas que participarán.<br><i>Indicar ámbito xeográfico.</i> |  |                            |  |
| Resumo 2010/11                                                          |  |                            |  |
| Nº Inscripcións                                                         |  | % de nenas                 |  |
| Calendario Actividades                                                  |  | Horas semanais de práctica |  |
| Resultados Deportivos                                                   |  |                            |  |

## GRUPOS DE TRABAJO - RESUMO

| Nº Grupo                        | Categoría/as | Nº rapaces | Horario e días de adestramento | Horario e día de competición |
|---------------------------------|--------------|------------|--------------------------------|------------------------------|
| 1                               |              |            |                                |                              |
| 2                               |              |            |                                |                              |
| 3                               |              |            |                                |                              |
| 4                               |              |            |                                |                              |
| 5                               |              |            |                                |                              |
| 6                               |              |            |                                |                              |
| TOTAL HORAS DE TRABAJO SEMANAIS |              |            |                                |                              |

## PERSOAL

| NOME | TITULACIÓN | GRUPO/S DE TRABAJO |
|------|------------|--------------------|
|      |            |                    |
|      |            |                    |
|      |            |                    |



## INVERSIÓN PREVISTA

1. Nas inversións que afecten a varias categorías, repartir proporcionalmente o gasto entre as mesmas.

## GASTOS *(para as categorías do deporte base)*

| CONCEPTO                  | GASTO            | GASTO          | SUBTOTAL |
|---------------------------|------------------|----------------|----------|
|                           | <b>BENXAMÍNS</b> | <b>ALEVÍNS</b> |          |
| Licencias                 |                  |                |          |
| Transporte                |                  |                |          |
| Manutención               |                  |                |          |
| Aloxamento                |                  |                |          |
| Material dep. (desglosar) |                  |                |          |
|                           |                  |                |          |
|                           |                  |                |          |
| Outros (especificar)      |                  |                |          |
|                           |                  |                |          |
|                           |                  |                |          |
| <b>TOTAL GASTO</b>        |                  |                |          |

|                           |                 |                |  |
|---------------------------|-----------------|----------------|--|
|                           | <b>INFANTÍS</b> | <b>CADETES</b> |  |
| Licencias                 |                 |                |  |
| Transporte                |                 |                |  |
| Manutención               |                 |                |  |
| Aloxamento                |                 |                |  |
| Material dep. (desglosar) |                 |                |  |
|                           |                 |                |  |
|                           |                 |                |  |
| Outros (especificar)      |                 |                |  |
|                           |                 |                |  |
|                           |                 |                |  |
| <b>TOTAL GASTO</b>        |                 |                |  |

**TOTAL GASTO**

## INGRESOS *(referidos ó apartado de persoal)*

| ENTIDADE CONCEDENTE   | IMPORTE |
|-----------------------|---------|
|                       |         |
|                       |         |
| <b>TOTAL INGRESOS</b> |         |



|                |                              |
|----------------|------------------------------|
| Ano 2011       | <b>PROGRAMA DEPORTE BASE</b> |
| <b>ANEXO 2</b> | <b>Declaración de Axudas</b> |

D. \_\_\_\_\_, con DNI  
\_\_\_\_\_, enderezo en \_\_\_\_\_,  
Rianxo (A Coruña), como representante da entidade \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

Que a entidade á que represento, en relación ó *Proxecto* presentado no *Impreso de solicitude*:

☐ Obtivo as seguintes axudas para este mesmo proxecto.

| Organismo concedente | Obxecto | Importe |
|----------------------|---------|---------|
|                      |         |         |
|                      |         |         |
|                      |         |         |

☐ Solicitou as seguintes axudas para este mesmo proxecto.

| Organismo concedente | Obxecto | Importe |
|----------------------|---------|---------|
|                      |         |         |
|                      |         |         |
|                      |         |         |

☐ Non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.

\_\_\_\_\_, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011

*Sinatura*



|                 |                                                                            |
|-----------------|----------------------------------------------------------------------------|
| <i>Ano 2011</i> | <b>PROGRAMA DEPORTE BASE</b>                                               |
| <b>ANEXO 3</b>  | <b>Declaración de compromiso de xustificación de subvención prepagable</b> |

D/Dña. \_\_\_\_\_, con  
DNI \_\_\_\_\_, como representante da entidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**DECLARA:**

Que, de acordo co regulado ó efecto na *Convocatoria 2011 do Programa de axudas dirixidas a mellorar a calidade da formación no deporte base para entidades deportivas do concello de Rianxo (Programa Deporte Base)*, comprométese a presentar a documentación xustificativa da subvención concedida o abeiro de dita convocatoria antes do 31 de xullo de 2012 solicitar perante o Sr. Alcalde a prórroga do mesmo por causa motivada, prazo que non poderá ser superior ó de tres meses do principal nin estenderse máis aló do 31 de outubro de 2012.

\_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011

*Sinatura,*



| Ano 2011 | PROGRAMA DEPORTE BASE           |
|----------|---------------------------------|
| ANEXO 4  | Certificación de conta bancaria |

D. \_\_\_\_\_, con DNI  
\_\_\_\_\_, como *(cargo que ocupa)* \_\_\_\_\_,  
da entidade bancaria \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

Que a entidade \_\_\_\_\_, con  
CIF/NIF \_\_\_\_\_, mantén nesta sucursal unha conta cos seguintes  
datos:

ENTIDADE (Banco/Caixa de Aforros):  
\_\_\_\_\_

OFICINA (endereço da oficina)  
\_\_\_\_\_

TITULAR DA CONTA: \_\_\_\_\_

CIF/NIF DO TITULAR: \_\_\_\_\_

Nº CONTA (20 díxitos): \_\_\_\_\_

Rianxo a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2011

*Sinatura e selo da entidade*





|                |                                    |
|----------------|------------------------------------|
| Ano 2011       | <b>PROGRAMA DEPORTE BASE</b>       |
| <b>ANEXO 5</b> | <b>Certificación do Secretario</b> |

D. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
endereço en \_\_\_\_\_, Rianxo (A Coruña),  
como secretario da entidade \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

1.- Que no exercicio de 2011 obtivo unha subvención do Concello de Rianxo por importe de \_\_\_\_\_ € co seguinte obxecto:

\_\_\_\_\_

2.- Que para o mesmo obxecto:

☐ Obtivo as seguintes axudas para este mesmo proxecto.

| Organismo concedente | Obxecto | Importe |
|----------------------|---------|---------|
|                      |         |         |
|                      |         |         |

☐ Solicitou as seguintes axudas para este mesmo proxecto.


| Organismo concedente | Obxecto | Importe |
|----------------------|---------|---------|
|                      |         |         |
|                      |         |         |

☐ Non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.

3.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización de actividades para as que foi concedida estando xa efectuados os pagos correspondentes.

4.- Que o importe do gasto derivado do proxecto de actividades ascendeu a \_\_\_\_\_ €.

E para que así conste, a efectos de xustificación e cobro da subvención referida, expido a presente certificación en Rianxo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011.



|                          |                    |
|--------------------------|--------------------|
| Persoa/Entidade          |                    |
| NIF/CIF                  |                    |
| Domicilio                |                    |
| Concello                 | Código P. Teléfono |
| Finalidade da subvención |                    |
|                          |                    |
| Ano de concesión         |                    |
| Importe                  |                    |

| Nº                     | CONCEPTO | PROVEEDOR   | IMPORTE € |
|------------------------|----------|-------------|-----------|
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          |             |           |
|                        |          | TOTAIS..... | €         |
| TOTAL DA XUSTIFICACIÓN |          |             | €         |

Asdo. D.: \_\_\_\_\_



|                |                               |
|----------------|-------------------------------|
| Ano 2011       | <b>PROGRAMA DEPORTE BASE</b>  |
| <b>ANEXO 7</b> | <b>Memoria de Actividades</b> |

**Datos da entidade**

|               |            |
|---------------|------------|
| Denominación  | CIF        |
| Enderezo      | Parroquia  |
| Representante | NIF        |
| Teléfono      | Correo - e |

**VARIACIÓNS – PROXECTO DE ACTIVIDADES 2011/12**

Facer referencia ós cambios en cada un dos capítulos contemplados no proxecto inicial

**Actividade Xeral 2011**

|                                                  |
|--------------------------------------------------|
| Actividades previstas que foron realizadas       |
| Actividades previstas non realizadas             |
| Actividades non previstas e que foron realizadas |



### **Material e equipamento deportivo**

|                                                           |
|-----------------------------------------------------------|
| Actividades<br>previstas que<br>foron<br>realizadas       |
| Actividades<br>previstas<br>non realizadas                |
| Actividades<br>non previstas e<br>que foron<br>realizadas |

### **Obras e infraestrutura deportiva**

|                                                           |
|-----------------------------------------------------------|
| Actividades<br>previstas que<br>foron<br>realizadas       |
| Actividades<br>previstas<br>non realizadas                |
| Actividades<br>non previstas e<br>que foron<br>realizadas |



## Orzamento

### GASTOS EFECTIVAMENTE REALIZADOS

| CONCEPTO                                                                      | IMPORTE |
|-------------------------------------------------------------------------------|---------|
| Actividade xeral (p.e. licencias, transporte, comida, aloxamento, persoal...) |         |
|                                                                               |         |
| Material e equipamento deportivo (p.e. vestiario, balóns, embarcacións...)    |         |
|                                                                               |         |
| Infraestrutura deportiva e obras (construción, reforma... de instalacións).   |         |
| Outros:                                                                       |         |
|                                                                               |         |
| <b>TOTAL GASTOS</b>                                                           |         |

### INGRESOS REAIS

| ENTIDADE CONCEDENTE                             | IMPORTE |
|-------------------------------------------------|---------|
| Subvencións de entidades públicas (especificar) |         |
|                                                 |         |
|                                                 |         |
| <i>Subvencións de entidades privadas</i>        |         |
|                                                 |         |
|                                                 |         |
| Outras:                                         |         |
|                                                 |         |
|                                                 |         |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>                           |         |